



Guía Docente

Datos Identificativos					2024/25
Asignatura (*)	Estancias Prácticas III	Código	653G01211		
Titulación					
Descriptorios					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Grao	2º cuatrimestre	Segundo	Obrigatoria	5	
Idioma	Castelán				
Modalidade docente	Presencial				
Prerrequisitos					
Departamento	Ciencias da Saúde				
Coordinación	Groba Gonzalez, Betania	Correo electrónico	b.groba@udc.es		
Profesorado	Alonso Cadavid, Andrea Darriba Fraga, María José Gándara Gafo, Berta Groba Gonzalez, Betania Rama Fandiño, José Antonio Trillo Costa, Javier Vázquez Otero, Alba María	Correo electrónico	andrea.alonso@udc.es maria.darriba@udc.es berta.gandara.gafo@udc.es b.groba@udc.es jose.rama.fandino@udc.es javier.tcosta@udc.es alba.vazquez.otero@udc.es		
Web	campusvirtual.udc.gal				
Descrición xeral	Esta materia pretende, mediante prácticas diarias dirixidas, desenvolver as competencias que permitan ao alumnado comprender e aplicar os coñecementos relacionados coa práctica clínica e/ou comunitaria da Terapia Ocupacional nos momentos do ciclo vital da infancia e a adolescencia. Descriptor: Estadías prácticas para aplicar teorías, fundamentos, metodoloxías, técnicas, avaliacións e valoracións de Terapia Ocupacional, traballando adecuadamente en equipo e desenvolvendo as funcións e destrezas propias deste profesional en diferentes entornos, centros, hospitais, institucións e grupos sociais e poboacións.				

Competencias / Resultados do título

Código	Competencias / Resultados do título
--------	-------------------------------------

Resultados da aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título
---------------------------	-------------------------------------



Desenvolver as habilidades prácticas necesarias para poder desempeñar actividades profesionais como terapeuta ocupacional: segundo o estadio de aprendizaxe e acordo ás competencias seleccionadas. En definitiva ampliar os coñecementos e a capacidade para aplicar: a teoría e a práctica de Terapia Ocupacional, as ocupacións terapeuticamente e as Actividades da Vida Diaria terapeuticamente en todas as áreas de desempeño ocupacional.	A1	B2	C1
	A3	B3	C4
	A6	B5	C6
	A7	B7	C7
	A8	B8	
	A9	B9	
	A10	B11	
	A12	B13	
	A13	B14	
	A14	B15	
	A15	B17	
	A16	B18	
	A17	B19	
	A20	B23	
	A23	B24	
	A29	B25	
	A31	B26	
	A32	B27	
	A33	B28	
		B29	
		B30	
		B31	
		B33	
		B35	
		B36	
		B37	



Observar, analizar e reflexionar sobre o centro de prácticas e as funcións do terapeuta ocupacional integrados ao sistema sanitario, educativo, domiciliario, laboral ou comunitario de referencia. Asimismo o/a alumno/a debe desenvolver a capacidade para manter a dignidade, privacidade e confidencialidade da persoa.

A1	B2	C1
A3	B3	C4
A6	B5	C6
A7	B7	C7
A8	B8	
A9	B9	
A10	B11	
A12	B13	
A13	B14	
A14	B15	
A15	B17	
A16	B18	
A17	B19	
A20	B23	
A23	B24	
A29	B25	
A31	B26	
A32	B27	
A33	B28	
	B29	
	B30	
	B31	
	B33	
	B35	
	B36	
	B37	



<p>Observar, analizar e reflexionar sobre a relación terapéutica en terapia ocupacional.</p> <p>E, á súa vez, desenvolver a capacidade para unha comunicación efectiva co/a usuario/a, familias, grupos sociais e outros profesionais; capacidade para establecer unha relación de empatía co/a usuario/a, familia, grupos sociais e outros profesionais; e desenvolver a capacidade para permitir que os pacientes e os seus cuidadores expresen as súas preocupacións e intereses e que poidan responder adecuadamente.</p>	A1	B2	C1
	A3	B3	C4
	A4	B5	C6
	A5	B7	C7
	A6	B8	
	A7	B9	
	A8	B11	
	A9	B13	
	A10	B14	
	A12	B15	
	A13	B17	
	A14	B18	
	A15	B19	
	A16	B22	
	A17	B23	
	A20	B24	
	A23	B25	
	A29	B26	
	A31	B27	
	A32	B28	
	A33	B29	
		B30	
		B31	
		B33	
		B34	
		B35	
		B36	
		B37	



Observar, identificar, analizar e reflexionar sobre o perfil do usuario dos servizos de terapia ocupacional.

A1	B2	C1
A3	B3	C4
A6	B5	C6
A7	B6	C7
A8	B7	
A9	B8	
A10	B9	
A12	B11	
A13	B12	
A14	B13	
A15	B15	
A16	B17	
A17	B18	
A20	B19	
A23	B23	
A29	B24	
A31	B25	
A32	B26	
A33	B27	
	B28	
	B29	
	B30	
	B31	
	B33	
	B34	
	B35	
	B36	
	B37	



Observar, identificar, preparar, analizar e reflexionar sobre algunhas técnicas empregadas en terapia ocupacional.

A1	B2	C1
A3	B3	C4
A6	B5	C6
A7	B7	C7
A8	B8	
A9	B9	
A10	B11	
A12	B13	
A13	B14	
A14	B15	
A15	B17	
A16	B18	
A17	B19	
A20	B23	
A23	B24	
A29	B25	
A31	B26	
A32	B27	
A33	B28	
	B29	
	B30	
	B31	
	B33	
	B35	
	B36	
	B37	



Desenvolver razoamentos e habilidades de orde superior no xuízo profesional e na toma de decisións.

A1	B2	C1
A3	B3	C4
A6	B5	C6
A7	B7	C7
A8	B8	
A9	B9	
A10	B11	
A11	B13	
A12	B14	
A13	B15	
A14	B17	
A15	B18	
A16	B19	
A17	B23	
A20	B24	
A23	B25	
A29	B26	
A31	B27	
A32	B28	
A33	B29	
	B30	
	B31	
	B33	
	B35	
	B36	
	B37	



Dar o control ó estudante de ser un profesional autónomo que valora a súa contribución ó equipo e ó servizo.

A1	B2	C1
A3	B3	C4
A6	B5	C6
A7	B7	C7
A8	B8	
A9	B9	
A10	B11	
A12	B13	
A13	B14	
A14	B15	
A15	B17	
A16	B18	
A17	B19	
A20	B23	
A23	B24	
A29	B25	
A31	B26	
A32	B27	
A33	B28	
	B29	
	B30	
	B31	
	B33	
	B34	
	B35	
	B36	
	B37	



Desenvolver habilidades de exploración dos recursos de investigación en apoio á investigación e á practica baseada na evidencia.	A1	B2	C1
	A3	B3	C4
	A6	B5	C6
	A7	B7	C7
	A8	B8	
	A9	B9	
	A10	B11	
	A12	B13	
	A13	B14	
	A14	B15	
	A15	B17	
	A16	B18	
	A17	B19	
	A20	B23	
	A29	B24	
	A31	B25	
	A32	B26	
	A33	B27	
		B28	
		B29	
	B30		
	B31		
	B32		
	B33		
	B35		
	B36		
	B37		
Inculcar unhas habilidades para ?a aprendizaxe ao longo da vida? e dun desenvolvemento profesional continuo; e un recoñecemento da importancia destes.	A20	B6	C1 C4 C7
Desenvolver capacidade para: sintetizar un abanico de información que permita determinar se a persoa é susceptible de recibir tratamento de Terapia Ocupacional. Recoñecer e interpretar signos de función-disfunción da persoa en valoración e diagnóstico ocupacional. Asemesmo a capacidade para responder ás necesidades do paciente avaliando, planificando e desenvolvendo os programas individualizados máis apropiados xunto á persoa e o seu entorno, seus cuidadores e familias e outros profesionais. En definitiva, utilizar o razonamento clínico revisando e reaxustando o tratamento.	A3	B1	C1
	A5	B2	C4
	A7	B10	C7
	A10	B13	
	A13	B23	
	A14	B37	
	A15		

Contidos	
Temas	Subtemas
<p>Tema 1. O proceso de intervención da Terapia Ocupacional na infancia e na adolescencia.</p> <p>Estadías prácticas altamente dirixidas polos terapeutas ocupacionais docentes/titores dos centros conveniados. Nivel intermedio.</p>	<p>Aplicación de teorías, fundamentos, metodoloxías, técnicas, avaliacións e valoracións de Terapia Ocupacional, traballando axeitadamente co equipo e desenvolvendo funcións e destrezas propias deste profesional.</p>

Planificación



Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Prácticas clínicas	A1 A3 A4 A5 A7 A8 A9 A10 A11 A12 A13 A14 A15 A16 A17 A20 A23 A29 A31 A32 A33 B1 B2 B3 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12 B13 B14 B15 B17 B18 B19 B22 B23 B24 B25 B26 B28 B29 B30 B31 B32 B33 B34 B35 B36 B37 C1 C4 C6 C7	60	0	60
Portafolios do alumno	A1 A3 A4 A5 A6 A7 A8 A9 A10 A11 A12 A13 A14 A15 A16 A17 A20 A23 A29 A31 A32 A33 B1 B3 B5 B6 B7 B13 B15 B17 B18 B23 B24 B25	3	12	15
Estudo de casos	A1 A3 A4 A5 A6 A7 A8 A9 A10 A11 A12 A13 A14 A15 A16 A17 A20 A23 A29 A31 A32 A33 B1 B2 B3 B5 B6 B7 B8 B10 B13 B17 B18 B19 B22 B23 B24 B27 B28 B29 B34 B35	15	5	20
Recensión bibliográfica	A1 A3 A4 A5 A7 A13 A14 A20 A29 A31 B1 B2 B3 B8 B12 B19 B22 B23 B24 B25 B36	1	5	6
Actividades iniciais	A7 A8 A10 A11 A12 A13 A15 A16 A23 A31 A32 B1 B2 B3 B5 B6 B7 B9 B11 B13 B14 B17 B18 B31 B33 B37 C1 C4 C6	10	0	10
Eventos científicos e/ou divulgativos	A1 A3 A6 A7 A8 A9 A10 A11 A13 A14 A15 A16 A17 A23 A29 B3 B19 B24	10	0	10
Atención personalizada		4	0	4

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado



Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Prácticas clínicas	<p>O ensino clínico pode entenderse como un proceso instruccional que ten lugar nun ambiente natural relacionado co exercicio dunha profesión, no que os/as estudantes observan e participan en actividades clínicas deseñadas para proporcionarlles oportunidades que supoñen a aplicación de feitos, teorías e principios relacionados coa práctica da mesma.</p> <p>As prácticas clínicas serán realizadas en todos aqueles centros conveniados coa Facultade de Ciencias da Saúde que teñan relación co ámbito da infancia e da adolescencia.</p> <p>A asistencia ás prácticas clínicas é obrigatoria. No caso de que o/a alumno/a non poida acudir puntualmente algún día, segundo o calendario de prácticas establecido, deberá comunicalo tanto ao centro conveniado como á coordinadora responsable da materia.</p> <p>Permite adquirir as competencias específicas referenciadas nesta materia.</p>
Portafolios do alumno	<p>É un cartafol ou arquivador ordenado por seccións, debidamente identificadas ou etiquetadas, que contén os rexistros ou materiais produto das actividades de aprendizaxe realizadas polo alumnado nun período de tempo, cos comentarios e cualificacións asignadas polo/a profesor/a, o que lle permite visualizar o progreso do/a estudante. O portafolios ou cartafol inclúe todo o que fai o alumno ou alumna, como: apuntamentos ou notas de clases, traballos de investigación, guías de traballo e o seu desenvolvemento, comentarios de notas, resumes, probas escritas, autoavaliacións, tarefas desenvolvidas, comentarios de progreso do/a estudante realizado polo/a profesor/a, etc.</p> <p>Permite adquirir as competencias específicas referenciadas nesta materia.</p>
Estudo de casos	<p>Metodoloxía onde a persoa se enfrenta ante a descrición dunha situación específica que suscita un problema que ten que ser comprendido, valorado e resolto por un grupo, a través dun proceso de discusión. O alumnado sitúase ante un problema concreto (caso), que lle describe unha situación real da vida profesional, e debe ser capaz de analizar unha serie de feitos, referentes a un campo particular do coñecemento ou da acción, para chegar a unha decisión razoada a través dun proceso de discusión en pequenos grupos de traballo.</p> <p>Permite adquirir as competencias específicas referenciadas nesta materia.</p>
Recensión bibliográfica	<p>A recensión bibliográfica supón un proceso de lectura crítica dun libro, dun artigo, dunha tese ou dunha comunicación a un congreso. Como tal proceso comprende a lectura da obra, a análise do seu contido e unha crítica e valoración da mesma en relación á literatura existente sobre o tema. Unha recensión non supón un resumo da obra, nin unha mera análise do contido, pois o que lle outorga sentido e dimensión académica científica é a crítica que merece a xuízo do/a autor/a da recensión, en relación a outras obras coñecidas do mesmo ámbito ou en relación a súa propia experiencia.</p> <p>Permite adquirir as competencias específicas referenciadas nesta materia.</p>
Actividades iniciais	<p>Actividades que se levan a cabo antes de iniciar calquera proceso de ensino-aprendizaxe a fin de coñecer as competencias, intereses e/ou motivacións que posúe o alumnado para o logro dos obxectivos que se queren alcanzar, vinculados a un programa formativo. Con esta metodoloxía preténdese obter información relevante que permita articular a docencia para favorecer aprendizaxes eficaces e significativos, que partan dos saberes previos do alumnado.</p> <p>Ademais permite a organización dos rotatorios, organización dos grupos de prácticas, información sobre os centros de prácticas e outros datos de interese.</p>
Eventos científicos e/ou divulgativos	<p>Actividades realizadas polo alumnado que implican a asistencia e/ou participación en eventos científicos e/ou divulgativos (congresos, xornadas, simposios, cursos, seminarios, conferencias, exposicións, etc.) co obxectivo de profundar no coñecemento de temas de estudo relacionados coa materia. Estas actividades proporcionan ao alumnado coñecementos e experiencias actuais que incorporan as últimas novidades referentes a un determinado ámbito de estudo.</p>

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
--------------	------------



Portafolios do alumno Estudo de casos Recensión bilbiográfica Prácticas clínicas	A atención personalizada farase, globalmente, mediante tutorías personalizadas directas e virtuais, individuais e grupais.
--	--

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Portafolios do alumno	A1 A3 A4 A5 A6 A7 A8 A9 A10 A11 A12 A13 A14 A15 A16 A17 A20 A23 A29 A31 A32 A33 B1 B3 B5 B6 B7 B13 B15 B17 B18 B23 B24 B25	Valorarase, ademais dos coñecementos adquiridos, a capacidade de expresión escrita do/a alumno/a (avaliando de forma negativa os erros gramaticais e ortográficos), a integración de conceptos e a capacidade de resolución de problemas.	15
Estudo de casos	A1 A3 A4 A5 A6 A7 A8 A9 A10 A11 A12 A13 A14 A15 A16 A17 A20 A23 A29 A31 A32 A33 B1 B2 B3 B5 B6 B7 B8 B10 B13 B17 B18 B19 B22 B23 B24 B27 B28 B29 B34 B35	Valorarase, ademais dos coñecementos adquiridos, a capacidade de expresión escrita do alumnado (avaliando de forma negativa os erros gramaticais e ortográficos), a integración de conceptos e a capacidade de resolución de problemas.	20
Recensión bilbiográfica	A1 A3 A4 A5 A7 A13 A14 A20 A29 A31 B1 B2 B3 B8 B12 B19 B22 B23 B24 B25 B36	Valorarase, ademais dos coñecementos adquiridos, a capacidade de expresión escrita do alumnado (avaliando de forma negativa os erros gramaticais e ortográficos), a integración de conceptos e a capacidade de resolución de problemas.	5
Prácticas clínicas	A1 A3 A4 A5 A7 A8 A9 A10 A11 A12 A13 A14 A15 A16 A17 A20 A23 A29 A31 A32 A33 B1 B2 B3 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12 B13 B14 B15 B17 B18 B19 B22 B23 B24 B25 B26 B28 B29 B30 B31 B32 B33 B34 B35 B36 B37 C1 C4 C6 C7	Valorarase: a puntualidade, a asistencia, a responsabilidade, a iniciativa, o interese, a actitude ante as normas, a relación co/a usuario/a, a relación co equipo de profesionais, a integración e a aplicación de conceptos teóricos-prácticos adquiridos previamente, as destrezas e os coñecementos adquiridos. As ausencias xustificadas ás prácticas clínicas deberán ser comunicadas previamente ao centro conveniado, así como á coordinadora da materia e á coordinadora do título mediante email.	60

Observacións avaliación



O sistema de cualificacións

expresarase mediante cualificación numérica de acordo co establecido no art. 5 del Real Decreto 1125/2003 de 5 de setembro (BOE 18 de setembro), polo que se establece o sistema europeo de créditos e o sistema de cualificacións nas titulacións universitarias de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional. Sistema de cualificacións: 0-4.9=Suspense 5-6.9=Aprobado 7-8.9=Notable 9-10=Sobresaliente 9-10 Matrícula de Honra (Graciable). A efectos desta materia, considerarase como Non presentado (NP) ao alumnado que non participe na totalidade de actividades de avaliación continua, tendo en conta as condicións que figuran a continuación.

Para aprobar a

materia, o/a alumno/a debe participar activamente nas metodoloxías propostas, entregar todos os traballos e acadar unha nota global mínima de 5 e ter superadas polo menos a metodoloxía de Prácticas Clínicas e Estudo de Casos. Para iso, será necesario ter unha cualificación mínima de 3,5 puntos (sobre 6) na metodoloxía prácticas clínicas e unha cualificación mínima de 1 punto (sobre 2) na metodoloxía estudo de casos, e só se terán en conta para a cualificación final as notas das outras metodoloxías, se o/a alumno/a acada a dita puntuación nas mencionadas metodoloxías. En caso contrario, a nota da convocatoria corresponderá

á da metodoloxía suspensa correspondente (nota obtida nas Prácticas clínicas ou Estudo de Caso).

No caso de non

superación da materia na primeira oportunidade da convocatoria (xuño), pola falta de entrega ou suspense dos traballos correspondentes as metodoloxías Portafolios, Estudo de casos e Recensión, o/a estudante deberá repetir a entrega de traballos e participar de novo nas metodoloxías propostas na segunda oportunidade (xullo).

No caso de non

superación da materia na primeira oportunidade da convocatoria (xuño), por motivo de suspense da metodoloxía de Prácticas Clínicas, non se poderá superar a materia na segunda oportunidade (xullo), e a/o estudante terase que presentar na seguinte convocatoria, ao tratarse de actividades que, pola súa natureza, non son recuperables na segunda oportunidade (tal e como recollen as Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario da Universidade da Coruña, aprobadas polo Consello de Goberno do 19 de decembro de 2013 e modificadas por última vez no Consello de Goberno do 29 de xuño de 2017).

Segundo a norma que regula o réxime

de dedicación ao estudo dos/as estudantes de grao na Universidade da Coruña (aprobada no Consello de Goberno do 4/05/2017), cando un estudante teña recoñecida a súa condición de matrícula a tempo parcial, ten dereito preferente a elixir quenda se existen horarios diferentes na oferta de prácticas desta materia.

Todos os aspectos relacionados con dispensa académica, dedicación ao estudo, permanencia e fraude académica rexeranse de acordo coa normativa académica vixente da UDC.



Bibliografía básica	A bibliografía de referencia dependerá das especificacións dos/as profesores/as ou titores/as de prácticas. Como orientación xeral, recoméndase a consulta das fontes de información referenciadas na materia ?Terapia Ocupacional para a Autonomía Persoal na Infancia e na Adolescencia?. Asemade, para a elaboración do portafolios do alumnado, recoméndase o emprego e aplicación do Ciclo Reflexivo de Gibbs: Gibbs, G. (1988). Learning by Doing: A Guide to Teaching and Learning Methods. Oxford: Oxford Further Education Unit (https://hhs.hud.ac.uk/lqsu/Sessionsforall/supp/Gibbs%201988%20reflective%20cycle.pdf)
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Psicoloxía II/653G01203

Pediatría, Psiquiatría e Rehabilitación Infanto-xuvenil/653G01205

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Terapia Ocupacional para a Autonomía Persoal na Infancia e na Adolescencia/653G01207

Materias que continúan o temario

Observacións

1.- Para axudar a conseguir unha contorna inmediata sostible e cumprir cos obxectivos estratéxicos 1 e 2 do 'V Plan de Acción do Programa Green Campus FCS (2023-2025)', os traballos documentais que se realicen nesta materia: a.- Na súa maioría se solicitarán en formato virtual e soporte informático. b.- De realizarse en papel: - Non se empregarán plásticos. - Realizaranse impresións a dobre cara. - Empregarase papel reciclado. - Evitarase a impresión de borradores. 2.- A docente responsable resérvase a posibilidade de realizar algún cambio na avaliación ou outros aspectos que serán notificados aos estudantes coa suficiente antelación. 3.- Para a correcta planificación das Estadías Prácticas, realizaranse, de forma previa ao comezo da materia (segundo o calendario oficial), varias reunións de coordinación académica: - Actividades iniciais: Establecemento de grupos de prácticas e elaboración de rotatorios: Reunión da coordinadora da materia cos/as alumnos/as matriculados/as para a presentación dos recursos de prácticas e organización dos grupos de estudantes. - Coordinación da docencia: Encontro entre a coordinadora da materia e os/as profesores/as e titores/as terapeutas ocupacionais dos recursos de prácticas, previo ó inicio e despois da finalización das mesmas. 4.- Normas mínimas: Os/as alumnos/as deberán cumprir unhas normas xerais básicas de uniformidade, identificación persoal, puntualidade e respecto ós/ás usuarios/as, profesionais e instalacións do recurso de prácticas. Ademais, deberán respectar as pautas mínimas específicas que cada centro estableza para o correcto desenvolvemento das estadías prácticas. 5.- Segundo se recolle nas distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria, incorpórase a perspectiva de xénero nesta materia (usarase linguaxe non sexista, utilizarase bibliografía de autores/as de ambos sexos, propiciarase a intervención en clase de alumnos e alumnas...). Traballarase para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas e influirase na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade. Deberanse detectar situacións de discriminación por razón de xénero e proponerse accións e medidas para corraxilas. 6.- A docente responsable da materia aplicará a correspondente normativa da UDC ante a detección de calquera tentativa de plaxio motivada por un/unha estudante da materia no desenvolvemento dos seus traballos. A realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación, unha vez comprobada, implicará directamente a cualificación de 'suspense' na convocatoria en que se cometa: o/a estudante será cualificado con 'suspense' (nota numérica '0') na convocatoria correspondente do curso académico, tanto se a comisión da falta se produce na primeira oportunidade como na segunda. Para isto, procederase a modificar a súa cualificación na acta de primeira oportunidade, se fose necesario.



(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías